



Concello de Triacastela

Pz. Deputación, 1

27630 Triacastela (Lugo)

Telf. 982 548 147 Fax 982 548058

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 ADMINISTRATIVO CON CARÁCTER TEMPORAL EN BASE O PLAN ÚNICO 2020 A TRAVÉS DO “PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO”.

PRIMEIRA.- OBXECTO.-

É obxecto da presente convocatoria a selección de 1 Administrativo para prestar servizos no concello de Triacastela en base o Plan Único 2020 a través do Programa Fomento do Emprego.

SEGUNDA.- CONTRATO.-

Coa persoa seleccionada formalizarase un contrato laboral de obra ou servizo, dende o 1 de outubro de 2020 ata o 30 de setembro de 2021, data na que remata o programa.

O traballo será o 75 % da xornada completa de luns a venres.

Este persoal prestará labores administrativas propias que servirán de apoio as oficinas municipais deste concello; tales como tratamento de textos, excell, despacho de correspondencia, tramitación de expedientes, rexistro, arquivo de documentos, atención ao público e outras tarefas.

TERCEIRA.- REQUISITOS.-

- Estar en situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.
- Estar inscrito como demandante de emprego no momento que se presenten as bases, no posto que se solicita.
- Estar en posesión de calquera das seguintes titulacións: Bacharelato, BAC, Formación Profesional de segundo grao ou titulación superior.
- Estar en posesión do Celga 4 ou equivalente.
- Ser español ou nacional dun dos Estados da Unión Europea ou nacional de calquera dos Estados ós que lles sexa aplicable o dereito á libre circulación de traballo.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida o normal desempeño do posto de traballo.
- Non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública mediante expediente disciplinario ou sentenza firme.

Tódolos requisitos deberán estar en posesión dos solicitantes o día de presentación de instancias e manterse na data de contratación do/a candidato/a.





Concello de Triacastela

Pz. Deputación, 1

27630 Triacastela (Lugo)

Telf. 982 548 147 Fax 982 548058

CUARTA.- SELECCIÓN.-

Tramitarase oferta a oficina de emprego de Sarria, e unha vez remitidos os candidatos a este Concello, procederase a realizar a selección que será por concurso-oposición, co seguinte baremo.

Fase de Concurso

- Por pertencer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como: mulleres, maiores de 45 anos, menores de 30 anos, parados de longa duración (considerando parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na Oficina de Emprego como demandante de emprego ao longo de 12 ou máis meses. Para elo presentará certificación de periodos de inscrición como demandante de emprego expedido pola Oficina correspondente), persoas con discapacidade, persoas vítimas de violencia de xénero. **1 punto.**

Deberán acreditarlo cos respectivos documentos (Dni, tarxeta de discapacidade ou recoñecemento, certificado da oficina de emprego da antigüidade ou sentenza xudicial no caso de vítimas de violencia de xénero)

- Experiencia profesional:

-Por servizos prestados en calquera das Administración Públicas en posto de traballos iguais aos que se convocan..... 0,10 puntos/mes completo.

-Por servizos prestados en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convoca..... 0,05 puntos/mes completo.

A experiencia profesional acreditarase mediante informe de vida laboral e copia compulsada de contratos ou certificados de empresa nos que consten as funcións desempeñadas.

A puntuación máxima deste apartado será de **2 puntos.**

- Por estar en posesión de cursos relacionados co traballo a desenvolver:

- 0,25 puntos por cada curso que teña unha duración entre 5 e 20 horas

- 0,5 puntos por cada curso que teña unha duración entre 21 e 80 horas.

- 0,75 por cada curso que teña unha duración entre 81 e 150 horas.

- 1 punto por cada curso que teña unha duración maior de 151 horas.

Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados.

Forma de acreditar os méritos: Deberá presentar o título ou certificación expedido pola administración pública que o impartiu e /ou financiou, acreditativo da súa realización.





Concello de Triacastela

Pz. Deputación, 1

27630 Triacastela (Lugo)

Telf. 982 548 147 Fax 982 548058

A puntuación máxima deste apartado será de **1 puntos**.

Fase de Oposición

- Proba práctica sobre alguna das tarefas recollidas no punto dous destas bases.

A puntuación máxima deste apartado será de 6 puntos.

A puntuación final virá determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición.

En caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no primeiro e segundo apartado, sucesivamente da fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

QUINTA.- TRIBUNAL CALIFICADOR.-

O tribunal cualificador estará integrado polas seguintes persoas:

-Presidente: D^a M^a Angeles Muíña Gómez, Traballadora Social do Concello de Triacastela.

-Vogal: D^a M^a José Espín Fontal, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Triacastela.

-Secretaria: D^a. M^a Luz Hermida Pernas, Secretaria do Concello de Triacastela .

O Tribunal queda autorizado para resolver cantas cuestións e dúbidas se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo orden da selección.

SEXTA. CONTRATACIÓN E SUBSTITUCIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de resolución da Sra. Alcadesa da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica da entidade.

O/a candidato/ha seleccionado/a deberá presentar antes da súa contratación a seguinte documentación:

- Copia da tarxeta da Seguridade Social.
- Certificado de titularidade de conta bancaria.

En caso de causar baixa durante o período do contrato, renunciar o posto de traballo ou non presentar a documentación requirida, nomearase para o posto de traballo o seguinte da lista, de acordo coa acta de selección.

SÉTIMA. RECURSOS.





Concello de Triacastela

Pz. Deputación, 1

27630 Triacastela (Lugo)

Telf. 982 548 147 Fax 982 548058

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Triacastela, na data da sinatura electrónica á marxe.

A alcaldesa- presidenta.

M. Olga Iglesias Fontal

